



MATERIAS OPTATIVAS 4º ESO

FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA NA ESO E NO BACHARELATO

A materia de francés (2ª lingua estranxeira) é obrigatoria en 1º e 2º de ESO e é materia optativa en 3º ESO, 4º ESO, 1º BACHARELATO e 2º BACHARELATO. Ao longo de toda a ESO e durante os dous anos de bacharelato o departamento de francés prepara ao seu alumnado para a realización dos exames DELF.

Que é o **DELF Escolar** ?

Os diplomas DELF (Diplôme d'Études en Langue Française) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. Todos aqueles alumnos e alumnas de centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de Francés como primeira ou segunda lingua estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria ou no Bacharelato poden presentarse ás probas para a obtención deste diploma. O diploma DELF Escolar ten a mesma validez oficial que o DELF para adultos. As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado. No ámbito académico, as certificacións DELF favorecen a mobilidade estudiantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e facilita presentarse para obter unha bolsa Erasmus. Os niveis ofertados no DELF Escolar corresponden aos niveis A2, B1 e B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). O IES de Beade ven presentando aos seus alumnos desde o curso 2016/2017 cun éxito salientable.

Ademais, na fase voluntaria da **ABAU**, o francés segunda lingua estranxeira ten a ponderación máxima (**0.2 puntos**) no acceso a 17 graos de humanidades e a 27 graos de ciencias sociais e xurídicas.

MÚSICA

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. Contribúe tamén ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo.

A materia de Música de 4º ESO, ademais de todo iso, afondará no estudo e práctica de manifestacións culturais máis próximas aos gustos dos rapaces/zas. Descubrirán instrumentos electrónicos e virtuais; aprenderán a sonorizar pequenos fragmentos de películas; editarán programas de radio; analizararán bandas sonoras de películas; e tamén afondarán no pasado máis inmediato da música pop que é orixe dos/as artistas, bandas ou grupos e intérpretes que a eles lles gustan.



DIXITALIZACIÓN

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. A metodoloxía é eminentemente práctica.

O alumnado aprenderá a distinguir e interconectar os diferentes elementos dun equipo informático básico, reflexionará sobre aspectos relacionados coas novas tecnoloxías (riscos das redes, adicción ao móbil, novas profesións relacionadas coas TIC...), aprenderá a manexar programas de utilidade para a realización de traballos nas diferentes materias do curso actual e posteriores (procesador de textos, folia de cálculo, programas de edición de imaxe, presentacións...) e achegarse aos fundamentos da programación.

ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO

A economía está presente en todos os aspectos da nosa vida cotiá, calquera cidadán necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica que é utilizado polos economistas e os medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e coñecer o mundo que nos rodea, e posibilita analizar e profundar nas relacións humanas.

Ademais proporciona, xunto coa formación técnica, unha serie de competencias en traballo en equipo, habilidades de comunicación, iniciativa e liderado, así como o estímulo do espírito emprendedor.

Os contidos son os seguintes:

- a) Ideas básicas para entender a economía e a linguaxe específica.
- b) Estudo da empresa: tipos, produción, financiamento, cálculo do resultado, obrigacións fiscais, etc.
- c) Economía persoal: orzamento, aforro, débedas, negociación coas entidades financeiras, cartóns, seguros etc.
- d) Economía internacional: Unión Europea, globalización, comercio internacional.

TECNOLOXÍA

Esta é unha materia que consta dunha parte teórica e outra práctica. Desenvólvese na aula-taller de Tecnoloxía e na aula de Informática. Trata de fomentar as aprendizaxes e desenvolver as capacidades do alumnado para unha mellor comprensión dos obxectos técnicos, a súa utilización e a súa manipulación, así como o dominio dos procesos tecnolóxicos mediante os que se deseñan e constrúen os devanditos obxectos. Bloques de contidos: electrónica, pneumática, tecnoloxías da comunicación, tecnoloxía e sociedade, control e robótica.



FILOSOFÍA

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión de si mesmo/a e do mundo en que vive ,que poida servirle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, promovendo unha actitude reflexiva e crítica capaz de argumentar de forma coherente e lóxica, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación"

INFORMACIÓN SOBRE AS MATERIAS MATEMÁTICAS A e MATEMÁTICAS B para 4ºESO -LOMLOE

Segundo se reflicte na lei "As matemáticas A desenvólvense preferentemente mediante a resolución de problemas, a investigación e a análise matemática de situacións da vida cotiá, mentres que as matemáticas B profundan, ademais, nos procedementos alxébricos xeométricos, analíticos e estatísticos, incorporando contextos matemáticos, científicos e sociais"

No currículo de Matemáticas B figuran contidos como: álgebra (ecuacións, sistemas e inecuacións), funcións elementais, radicais, exponenciais, logaritmos, trigonometría, vectores, combinatoria e probabilidade.

No currículo de Matemáticas A figuran os contidos de: aritmética (porcentaxes, fraccións) álgebra básica (ecuacións elementais), funcións básicas (o plano cartesiano, rectas), xeometría (áreas planas, corpos en 3 dimensións) e estatística.

O departamento de matemáticas aconsella a todo o alumnado que pretenda ter matemáticas en bacharelato (sexa o bacharelato científico, xeral ou de ciencias sociais) escoller as Matemáticas B.

Soamente se aconsella escoller Matemáticas A no caso de, ao rematar a ESO, facer un Ciclo Medio de FP, ou os bacharelatos de Arte ou Humanidades

EXPRESIÓN ARTÍSTICA

Esta materia resulta determinante para aprender a analizar e resolver problemas de forma creativa en diferentes áreas do coñecemento reforzando, ao mesmo tempo, os contidos traballados no resto de materias da etapa. Incide no coñecemento do proceso creador e expresivo que fai que calquera produción gráfico-plástica e audiovisual adquira sentido cando é exposta, apreciada, analizada e compartida cun público. Isto permitirá ao alumnado desenvolver a súa intelixencia emocional, aprendendo dos seus erros e recoñecendo tanto as emocións propias coma as doutras persoas. Así, Expresión Artística oriéntase cara a creación de produtos artísticos individuais ou grupais, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e un público determinados; dende unha perspectiva de índole eminentemente práctica.

As diferentes técnicas artísticas empregadas para acadar tal obxectivo pasarán polas máis habituais no debuxo, na ilustración, na pintura, estampaxe, modelaxe, creación de volume... coma outras vinculadas á fotografía e o vídeo dentro da linguaxe audiovisual e multimedia. Un último apartado fai referencia ao debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño, que busca dotar ao alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de xeito gráfico e obxectivo, para expresar ideas ou proxectos de acordo con convención que garanta a súa interpretación fiable e precisa ao tempo que se desenvolve a súa visión espacial.